



CONCELLO DE PONTECESURES (PONTEVEDRA)

REF.-SSC
EXPTE. G-374/2020

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Juán Manuel Vidal Seage, Alcalde - Presidente do Concello de Pontecesures, vista a rapidez na evolución dos feitos, coa adopción do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, que declarou o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada por el COVID-19, visto o Real Decreto Lei 8/2020 de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, vistas as Bases elaboradas pola Traballadora social do Concello para dar resposta rápida ás situacións de emerxencia por insuficiencia económica que se poidan producir entre as familias residentes neste Concello e coa proposta da Comisión Municipal de Seguimento da Crise por COVID-19, confirmada coa xerencia do establecemento Supermercados Froiz R/San Lois 30 desta localidade a dispoñibilidade para realizar a subministración dos produtos básicos ás familias consonte ao procedemento que se establece, ao abeiro das facultades que teño atribuídas,

RESOLVO:

Aprobar as Bases das Axudas extraordinarias de emerxencia social pola situación de Emerxencia Sanitaria pola evolución da epidemia do COVID-19:

"REGULAMENTO DAS AXUDAS EXTRAORDINARIAS DE EMERXENCIA SOCIAL POLA SITUACIÓN DE EMERXENCIA SANITARIA POLA EVOLUCIÓN DA EPIDEMIA DO COVID-19"

Diante da situación extraordinaria xerada pola evolución da epidemia por coronavirus COVID-19 e das necesarias medidas para frear a propagación da mesma, dado que esta sobreveu dun xeito inesperado (que veu a sumarse á supresión da modalidade de entrega de alimentos pola Fundación Amigos de Galicia), e, que a situación que se está a xerar como consecuencia das restricións de saídas dos domicilios que fan aconsellable contar coa cantidade suficiente de consumibles básicos no fogar, cuxa adquisición pode resultar dificultosa por falta de dispoñibilidade económica das persoas e familias en situación de precariedade económica estrutural ou conxuntural como consecuencia da epidemia do COVID-19; o Concello de Pontecesures establece as axudas extraordinarias de emerxencia social pola situación de emerxencia sanitaria pola evolución da epidemia do COVID-19 que se rexen polas seguintes bases.

1. CONCEPTO:

A Prestación consiste nunha axuda económica que se fará efectiva mediante a retirada de produtos básicos (alimentación, hixiene persoal e hixiene do fogar) do establecemento que se determine ata o límite do importe establecido en función do número de persoas que integren a unidade familiar





CONCELLO DE PONTECESURES (PONTEVEDRA)

que se establece en 100€ para 1 persoa, 150€ para dúas persoas, cun incremento adicional de 30€ por persoa que integre a unidade de convivencia. No caso de prorrogarse a situación, poderá concederse un novo pago polo mesmo importe por cada extensión da Situación do Estado de Alarma)

2. FINALIDADE

A finalidade da axuda é a de proporcionar produtos básicos para a subsistencia persoal que permitan reducir as saídas do domicilio das persoas en situación de dificultade económica evitando as posibilidades de contaxio e expansión da epidemia.

3. CONTÍA

A contía establécese en 100€ para 1 persoa, 150€ para dúas persoas, cun incremento adicional de 30€ por persoa que integre a unidade de convivencia. No caso de prorrogarse a situación, poderá concederse un novo pago polo mesmo importe por cada extensión da Situación do Estado de Alarma)

Establécese un crédito inicial dispoñible para esta finalidade de 6.000€, o mesmo poderá ser ampliado se resultase insuficiente e non permitise dar cobertura a todas as solicitudes que reúnan os requisitos establecidos nestas bases.

4. REQUISITOS:

a) Estar de alta no Programa de Alimentos na modalidade de entrega mensual, ou

b) Cumprir os seguintes requisitos:

- Ter empadramento e residencia efectiva no Concello de Pontecesures

- Que a dispoñibilidade económica (ingresos dispoñibles) da Unidade Familiar de convivencia non supere o límite do 80% do IPREM para unha persoa, incrementado nun 20% adicional por cada persoa que integre a unidade familiar, ou

. Que a Declaración da Emerxencia Sanitaria e/ou a Declaración de Estado de Alarma, supoña a perda da fonte principal de ingresos das persoas que integran a unidade familiar, aínda de xeito temporal, sempre que esta perda implique dificultades para afrontar a adquisición dos produtos básicos a cuxa adquisición de destina a mesma.

. Computaranse todos os ingresos, obtidos no mes anterior e no mes en que se solicita a axuda, por todos os membros da Unidade familiar de convivencia, agás os obtidos con carácter finalista e o/s saldos das contas bancarias das persoas integrantes da unidade familiar de convivencia.

. Aos efectos de non xerar novas débedas, o importe do aluguer ou o pago de créditos hipotecarios, no seu caso, detraerase do total dos ingresos ata un máximo de 350€ mensuais.

5. DOCUMENTACIÓN:

-A solicitude formularase a través do correo electrónico, incluíndo os datos persoais de todas as persoas que integran a unidade familiar de convivencia, indicando os ingresos dispoñibles da unidade familiar no mes anterior e no momento de formular a solicitude.

No seu caso, dada a excepcional situación, a acreditación documental poderá realizarse mediante a presentación de fotografías da documentación, ou outros medios dispoñibles, que se fora o caso serán indicados pola traballadora social. A comprobación da identidade dos membros da unidade familiar de convivencia e a súa composición realizarase de oficio no Padrón Municipal de Habitantes.

- Xustificantes dos ingresos no mes anterior, saldo bancario das contas de todas as persoas que integran a UFC na data de formulación da solicitude.

- De ser o caso Recibo do Aluguer ou Xustificante do pago de empréstito para





CONCELLO DE PONTECESURES (PONTEVEDRA)

adquisición da vivenda habitual

- Declaración das axudas recibidas polos mesmos conceptos

-A formulación da solicitude terá o carácter de Declaración Responsable, polo que a ocultación ou falseamento de datos será causa de nulidade do expediente, coa obriga de reintegro das cantidades indebidamente percibidas, ademais das accións legais que proceda realizar por falsidade documental.

Tras a finalización do período de Alarma realizarase unha verificación das axudas concedidas podendo requirir os orixinais da documentación presentada para o seu cotexo.

7. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

O Prazo de presentación de Solicitudes estará aberto desde o día seguinte á aprobación e publicación destas bases e durante o tempo que duren a situación de Alarma e/ou de Emerxencia Sanitaria.

As solicitudes, acompañadas de toda a documentación presentaranse a través do correo electrónico ssociais@pontecesures.org.

8. PROCEDEMENTO:

Unha vez presentada a solicitude, no prazo máximo de 3 días, esta será avaliada pola Traballadora Social do Concello, conforme ao presente Regulamento, quen propondrá a denegación ou concesión coa indicación do importe a conceder, a incorporación relación de unidades familiares e unha vez aprobada polo órgano competente, o nº do Documento de Identificación Persoal (DIP) -DNI/NIE- e o importe concedido será comunicado ao establecemento subministrador.

9. PAGAMENTO:

Semanal ou mensualmente o establecemento subministrador (SUPERMERCADO FROIZ SL -PONTECESURES) presentará ao concello unha Factura coa inclusión do DIP e o detalle dos produtos básicos adquiridos, aos efectos de verificar a correcta aplicación da axuda á súa finalidade.

10. PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA:

O presente regulamento será publicado integramente na páxina web do concello (www.pontecesures.org) e realizarase difusión do mesmo a través de Bando aos efectos de garantir o coñecemento público da convocatoria.

Mándao en Pontecesures o Alcalde, Juan Manuel Vidal Seage, e asina co meu coñecemento, a Secretaria, María Trinidad Rodríguez Suárez.

(Documento asinado dixitalmente na data que consta á marxe)

